

ESTREA EN NUMAX: 22.02.2025 | V.E. | +5 | 57 min

Lola, de 11 anos, é irmá de Simón, de 5, que vive no seu propio mundo. Observándoo, decátase do sensible que é aos pequenos sons ocultos. Xunto á súa amiga Rolih, deciden construír unha máquina de ruídos para comunicarse con el.

“Lola E o piano crebacabezas” explora as posibilidades da linguaxe na comunicación e as relacións interpersoais. O conxunto do programa de curtametraxes fai valer as diferentes capacidades e propón romper con algúns dos estigmas asociados ás persoas con diversidade intelectual ou funcional, de feito, celebra a interdependencia, as redes de apoio e a cooperación.



